

Resolución do 16 de maio do 2025, do Director Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A., pola que se convoca o proceso selectivo, pola quenda de promoción interna e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso como persoal laboral fixo en diversas categorías do persoal da Corporación.

A Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. (en adiante CRTVG) é unha sociedade mercantil pública autonómica do artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que ten encomendada a xestión do servicio público de comunicación audiovisual competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

As Resolucíons do 18 de decembro de 2023 e do 4 de decembro do 2024 do Director Xeral da CRTVG (DOGs nº 242 do 22 de decembro do 2023 e nº 250 do 30 de decembro do 2024), aprobaron as ofertas de emprego público correspondentes ao ano 2023 e ao ano 2024. En aplicación dos principios de eficacia, eficiencia e axilidade, acumúlanse as prazas de ambas ofertas na presente convocatoria.

En desenvolvemento do disposto nos artigos 12 e 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establecécese a obrigatoriedade do uso dos medios electrónicos no desenvolvemento do proceso selectivo.

Por todo o anterior, de conformidade co establecido nas anteditas Resolucíons do 18 de decembro do 2023, e do 4 de decembro do 2024, do Director Xeral da CRTVG, no uso das competencias que lle atribúe a Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e no exercicio das atribucións que para convocar e resolver as probas selectivas e para aprobar as súas bases que me confire o artigo 36.2.e) dos Estatutos da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., publicados por resolución da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda do 29 de febreiro de 2016 (DOG núm. 55 do 21 de marzo)

RESOLVE:

Convocar un proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna, coa condición de persoal laboral fixo, en determinadas categorías da CRTVG, que se rexerá polas seguintes bases:

I. Normas xerais.

I.1. O obxecto do presente proceso selectivo será cubrir, con persoal laboral fixo, as prazas nas categorías e no número que figuran no Anexo II.

O sistema selectivo será o de concurso-oposición.

I.1.2. A distribución das prazas por categoría será a que figura no Anexo II.

I.1.3. Este proceso selectivo rexerase polas disposicións que lle sexan aplicables á CRTVG, en virtude de súa natureza xurídica, do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia; da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital; e do Convenio colectivo da Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as súas sociedades, publicado por resolución da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social do 17 de agosto de 2015 (DOG núm. 167 de 2015, do 2 de setembro), e demais normas concordantes vixentes, así como polo disposto nestas bases de convocatoria.

I.2. Requisitos das persoas aspirantes.

Para ser admitidas ao proceso selectivo as persoas aspirantes deberán posuír, no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata a sinatura do contrato laboral como persoal laboral fixo da CRTVG, os seguintes requisitos:

I.2.1. Idade: Non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

I.2.2. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter a titulación que figura no Anexo III.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

Consideraranse titulacións equivalentes exclusivamente aquelas que foron substituídas polas vixentes no momento da publicación do presente proceso ao abeiro das sucesivas modificacións dos planes e reformas educativos.

I.2.3. Capacidade funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas da categoría.

I.2.4. Habilitación: non ter sido despedido/a nin separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública, entidade do sector público ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia, o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

I.2.5. Ostentar a condición de persoal laboral fixo da CRTVG doutra categoría distinta á que se pretende acceder. Non poderán participar no proceso selectivo aquelas persoas que xa teñan a condición de persoal laboral fixo da CRTVG da categoría, e quedarán excluídas as que adquiran esa condición durante o seu desenvolvemento.

I.2.6. Ter prestado servizos efectivos como persoal laboral fixo, polo menos, un ano na categoría de procedencia.

I.3. Solicituds.

O prazo de presentación de solicitude será de vinte (20) días hábiles que serán contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

Dentro do prazo que se sinala no parágrafo anterior, as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude electronicamente.

As persoas que desexen participar no proceso selectivo deberán facelo constar no modelo de solicitude que será facilitado no portal web corporativo da CRTVG e deberán pagar a taxa que estea vixente no momento de presentala que exixe a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co procedemento que se sinala nos seguintes parágrafos. As equivalencias, para o aboamento do importe das taxas, serán as que figuran como Anexo VI en relación coa inscrición nos procesos de selección do persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

O modelo de solicitude estará a disposición de todas as persoas que desexen participar no proceso selectivo no portal web corporativo www.crtvg.gal. A persoa solicitante deberá dispoñer dun certificado dixital da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT), DNI electrónico ou Chave365.

Despois de premer a modalidade de solicitude elixida, as persoas aspirantes deberán consignar todos os datos que aparecen na pantalla e, posteriormente, validalos e confirmalos.

As persoas aspirantes deberán indicar na solicitude se o texto das probas escritas, con excepción das que teñan por obxecto demostrar o coñecemento da lingua galega, deberá entregarse en idioma galego ou castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude non poderá ser modificada.

As persoas aspirantes que sexan membros de familias numerosas deberán indicar na súa solicitude, na epígrafe de «Outros datos»—«Familia numerosa».

As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % deberán indicalo expresamente na solicitude especificando o grao de discapacidade recoñecido

polo órgano competente, na epígrafe de «Outros datos»—«Discapacitado»—«Porcentaxe».

As persoas aspirantes vítimas de terrorismo deberán indicalo expresamente na solicitude na epígrafe de «Outros datos»—«Víma terrorismo». As persoas solicitantes que aleguen esta circunstancia en calquera caso deberán remitir á CRTVG a acreditación desta mediante o envío electrónico da resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición.

Os datos incluídos nas solicitudes dos aspirantes serán consultados pola CRTVG.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente na epígrafe de «Autorizacións» e achegar os documentos xustificativos da exención antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A documentación presentarase nas oficinas de Rexistro da Xunta de Galicia e nos demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co disposto no parágrafo anterior, a persoa solicitante deberá achegar coa súa solicitude orixinal ou copia auténtica dos seguintes documentos xustificativos da exención do pagamento, segundo os supostos en que se atopen:

- Persoas con discapacidade: tarxeta acreditativa do grao de discapacidade ou certificado de discapacidade expedido pola consellería competente na materia ou polo órgano análogo doutra comunidade autónoma.
- Vítimas de terrorismo: resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición.
- Familia numerosa xeral ou especial: certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter.

De acordo co sinalado no artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento:

Do importe total da taxa:

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.
- As vítimas do terrorismo, entendendo por tales, para os efectos regulados neste punto, as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista, o seu cónxuge ou persoa que convivise con análoga relación de afectivididade, e os fillos dos feridos e falecidos.

Do 50 % do importe:

- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.

Pagamento presencial: deberá seleccionar esta opción na pantalla, imprimir o documento de pagamento (modelo 739) e realizar o ingreso do importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante.

Unha vez feito o pagamento presencial na entidade financeira, deberase acceder á solicitude pendente a través da pestana «Retomar solicitude». Premerase na opción «Validar/retomar o pagamento». Introduciranse os datos relativos á data de ingreso e o NRC (número de rexistro completo) correspondente.

Unha vez completados os datos, validarase o NRC premendo no botón «Validar NRC».

Finalizado correctamente o proceso de pagamento, poderase presentar a solicitude.

Pagamento electrónico-sen certificado dixital: deberá introducir os datos da tarxeta de crédito ou débito na opción de pagamento electrónico e nese momento obterá o xustificante 730 correspondente.

Finalizado correctamente o proceso de pagamento, poderase presentar a solicitude.

Pagamento electrónico-con certificado dixital: poderá realizar o pagamento con cargo á conta da persoa titular do certificado desde a opción de pagamento electrónico e nese momento obterá o xustificante 730 correspondente.

Finalizado correctamente o proceso de pagamento, poderase presentar a solicitude.

O estado das solicitudes poderá ser consultado en calquera momento seguindo as instrucións iniciais e seleccionando na pantalla a opción de consulta.

Para calquera aclaración ou información sobre os procedementos anteriores, as persoas aspirantes poderán poñerse en contacto telefónico co centro informático no número 981541300, das 8.30 ás 20.00 horas, de luns a venres, e os sábados das 10.00 ás 14.00 horas.

As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % deberán indicalo expresamente na solicitude, e especificar o grao de discapacidade recoñecido polo órgano competente. Poderán solicitar, as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria, todo isto conforme o contido na LEPG e no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro.

Se a solicitude derivase dunha circunstancia sobrevida, deberán solicitar a adaptación necesaria no prazo dun mes dende que se producise o feito causante.

A resolución sobre a solicitude de adaptación corresponderalle á Dirección de Recursos Humanos da Corporación RTVG, e seralle notificada á persoa interesada con antelación á realización do exercicio para a que se solicita.

Poderán indicar na mesma epígrafe da solicitude a presenza durante a realización do exercicio de atención médica especializada. Neste suposto, deberán presentar antes do

remate do prazo fixado, o orixinal ou a copia debidamente compulsada do informe médico que acredite a necesidade da dita medida.

I.4. Admisión de persoas aspirantes.

I.4.1. Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, a persoa titular da Dirección Xeral da CRTVG aprobará as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas a través dunha resolución na que se indicarán os apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do DNI, con indicación das causas das exclusións que procedan. Estas listas publicaranse na páxina web (www.crtvg.gal)

I.4.2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da dita resolución, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Non se poderán presentar solicitudes fóra do prazo sinalado para o efecto.

A estimación ou desestimación das alegacións presentadas entenderanse implícitas nunha nova resolución da persoa titular da Dirección Xeral da CRTVG, que será publicada do mesmo xeito que as anteriores, pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

II. Tribunais de selección

II.1. Constituiranse os tribunais de selección necesarios para a avaliación das categorías que figuran no Anexo II.

Os tribunais constituídos poderán realizar sesións conjuntas para determinar os criterios ou adoptar as decisións que sexan comúns a todas as categorías.

II.2. Os tribunais estarán formados por 5 persoas que serán designadas por resolución da Dirección Xeral da CRTVG, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 59 da LEPG, o artigo 60 do TRLEBEP e o artigo 48 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Todas as persoas que formen parte dos tribunais deberán acreditar un nivel de titulación académica igual ou superior á requirida para o ingreso.

II.3. Formará parte de cada tribunal unha persoa que, en calidade de lingüista, elaborará e puntuará en exclusividade a proba de lingua galega, segundo o establecido no artigo 20.1.1 do Convenio Colectivo. O/a lingüista poderá pertencer a varios tribunais e a súa participación limitarase en exclusiva ás funcións que se citan.

II.4. As persoas que formen parte dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran nelas circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou nas Instruccións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007 e no acordo adoptado no Consello da Xunta de 8 de abril de 2010. A concorrencia de calquera das ditas causas deberá serlle comunicada á persoa que efectuou o nomeamento.

A Presidencia deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte do tribunal, e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos, de ser o caso, unha declaración expresa de non atoparse en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

As persoas aspirantes poderán recusar ás persoas que integran o tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias referidas no parágrafo primeiro consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

II.5. A autoridade que convoca publicará na páxina web da CRTVG (www.crtvg.gal) a resolución correspondente pola que se nomeen as novas persoas membros do tribunal que substituirán ás que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

II.6. A sesión de constitución deberá realizarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do nomeamento dos tribunais na páxina web da CRTVG (www.crtvg.gal). Na dita sesión o tribunal adoptará todas as decisións que lle corresponda para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

II.7. A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a concorrencia da metade, polo menos, dos seus integrantes, con presenza en todo caso da Presidencia e da Secretaría.

II.8. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, nas Instruccións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007 e modificadas por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010 e ao resto do ordenamento xurídico.

II.9. Por cada sesión do tribunal levantarase unha acta, que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, será autorizada.

Das sesións conxuntas levantase unha acta que deberá ser autorizada coa sinatura das Secretarías e o visto e prace das Presidencias.

II.10. Os tribunais poderán propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor especialista para as valoracións que estime pertinentes. Este persoal asesor

deberá limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terá voz pero non voto. O seu nomeamento corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral da CRTVG.

II.11. Os tribunais terán a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Para os efectos do previsto no dito Decreto, entenderase que a designación do tribunal realizada segundo o disposto na base II.2. implicará a autorización da orde de servizo para que as persoas que o integran poidan desprazarse ao lugar acordado para cada unha das sesións convocadas.

II.12. En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de persoas aspirantes ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

II.13. A Presidencia dos tribunais adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios do proceso selectivo, agás aqueles nos que pola súa natureza sexa imposible, sexan corridos sen que se coñeca a identidade das persoas aspirantes e utilizará para iso os impresos adecuados.

O tribunal excluirá a aquellas persoas aspirantes en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

As decisións e os acordos que afecten á cualificación e á valoración das probas deberán adoptarse sen coñecer a identidade das persoas aspirantes ás que corresponden os resultados obtidos.

II.14. Os acordos adoptados polos tribunais do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral da CRTVG nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

II.15. Os tribunais terán a súa sede no domicilio da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Bando-San Marcos, 15820-Santiago de Compostela). As comunicacións que as persoas aspirantes dirixan aos tribunais deberán enviarse a través das oficinas de Rexistro da Xunta de Galicia e nos demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

III. Proceso selectivo

III.1. Fase de oposición

Os temarios que rexerán as probas para cada categoría serán os que figuran como Anexo I a esta resolución de convocatoria.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que con data límite da data de publicación do nomeamento do tribunal contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

As normas expresas que figuran no Anexo I e que fosen derrogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derrogación parcial ou total, con data límite da data de publicación do nomeamento do tribunal.

III.1.1 Exercicios

As probas da oposición consistirán na superación dos seguintes exercicios, todos eles eliminatorios e obligatorios.

Ao remate da proba cada persoa aspirante poderá obter copia das súas respostas. No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicarase o contido dos exercicios e as respostas correctas no portal web corporativo da Corporación.

III.1.1 Proba tipo test

Categorías do nivel salarial 1

Primeiro exercicio: consistirá en contestar por escrito un cuestionario de noventa (90) preguntas tipo test correspondentes ao programa que figura como Anexo I.

O cuestionario conterá catro (4) preguntas de reserva, que substituirán as anuladas pola súa orde. As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha (1) delas será a correcta.

O exercicio terá unha duración máxima de cento vinte (120) minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de trinta (30) puntos. Correspondelle ao tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal se terá en conta que, cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

Este exercicio realizarase no prazo máximo de corenta (40) días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas.

Redactor/a - Proba específica de locución e redacción en lingua galega

As persoas aspirantes á categoría de redactor/a realizarán, ademais do anterior, unha proba de coñecemento de locución e redacción en lingua galega que será eliminatoria. A puntuación outorgada será de apta/o ou non apta/o. Se a cualificación obtida pola persoa aspirante fose de non apta/o quedará excluída do proceso. A posesión do Celga correspondente non eximirá ás persoas aspirantes da realización desta proba.

Unicamente poderán realizar esta proba as persoas que obtiveran a cualificación de apto/a no cuestionario.

O tribunal establecerá a modalidade e os aspectos fundamentais da realización da proba, e informará dos mesmos ás persoas aspirantes con anterioridade á súa realización.

Categorías dos niveis salariais 3 e 4

Primeiro exercicio: consistirá en contestar por escrito un cuestionario de setenta (70) preguntas tipo test correspondentes ao programa que figura como Anexo I.

O cuestionario conterá tres (3) preguntas de reserva, que substituirán as anuladas pola súa orde. As preguntas terán catro (4) respuestas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha (1) delas será a correcta.

O exercicio terá unha duración máxima de cen (100) minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de trinta (30) puntos. Correspondelalle ao tribunal determinar o número de respuestas correctas esixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal se terá en conta que, cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

Este exercicio realizarase no prazo máximo de corenta (40) días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas.

Categorías dos niveis salariais 5 e 6

Primeiro exercicio: consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cincuenta (50) preguntas tipo test correspondentes ao programa que figura como Anexo I.

O cuestionario conterá tres (3) preguntas de reserva, que substituirán as anuladas pola súa orde. As preguntas terán catro (4) respuestas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha (1) delas será a correcta.

O exercicio terá unha duración máxima de oitenta (80) minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de trinta (30) puntos. Correspondelalle ao tribunal determinar o número de respuestas correctas esixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal se terá en conta que, cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

Este exercicio realizarase no prazo máximo de corenta (40) días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas.

III.1.2. Proba lingua galega

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de vinte (20) preguntas tipo test con catro (4) respuestas alternativas das que só unha delas será a correcta, más tres (3) preguntas de reserva, mediante o cal se evidencie o coñecemento da lingua galega.

O exercicio terá unha duración de corenta (40) minutos e cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

O cuestionario deberá obligatoriamente recoller contidos relacionados cos niveis funcionais da lingua: léxico, sintáctico e grammatical, correspondentes ao nivel do Celga requerido no proceso selectivo.

O exercicio valorarase como apto/a ou non apto/a e será necesario para superalo obter o resultado de apto/a. Correspondrá ao tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para acadar ese resultado.

A realización da proba será convocada polo tribunal, cunha antelación mínima de sete (7) días á súa realización, mediante convocatoria publicada na páxina web da CRTVG (www.crtvg.gal). O resultado da proba publicarase do mesmo xeito que a súa convocatoria. As persoas aspirantes que recibisen a cualificación de "non apto/a" quedarán definitivamente excluídas do proceso.

Estarán exentas da realización da proba as persoas que presenten por rexistro a documentación acreditativa de estar en posesión do título do Celga establecido no Anexo III para cada Grupo, ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo do 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega e as súas modificacións. O prazo para a acreditación fixarase por resolución do órgano convocante e indicará cales das persoas participantes deben de presentar o título e cales xa teñen o requisito acreditado.

III.1.3. Desenvolvemento dos exercicios.

III.1.3.1. A orde de actuación das persoas aspirantes, cando sexa necesario, iniciarase alfabeticamente pola primeira da letra que resulte do sorteo publicado e realizado segundo o disposto na correspondente Resolución da Consellería de Facenda.

III.1.3.2. As persoas aspirantes deberán presentarse a cada exercicio provistas de DNI ou outro documento fidedigno que a xuízo do tribunal acredite a súa identidade.

III.1.3.3. Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, as que integran o tribunal e as designadas pola Dirección da Corporación como persoal colaborador.

III.1.3.4. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal para acreditar a súa identidade.

III.1.3.5. O chamamento para cada exercicio será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas.

As mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito (48) horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da persoa interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

III.1.3.6. O anuncio de realización dos exercicios publicarase no portal web corporativo, con cinco (5) días hábiles, como mínimo, de antelación á data sinalada para o seu inicio.

III.1.3.7. Se o tribunal, de oficio, ou con base nas reclamacións que as persoas aspirantes poden presentar nos tres (3) días hábiles seguintes á realización dun exercicio, anulase algunha ou algunas das súas preguntas ou modifícase a plantilla de respostas publicarao no portal web corporativo.

III.1.3.8. As puntuacións obtidas polas persoas aspirantes publicaranse no portal web corporativo. Concederase un prazo de dez (10) días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación no portal web corporativo da resolución do tribunal pola que se fan públicas as puntuacións do correspondente exercicio.

III.1.3.9. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumple algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comunicarallo á Dirección de Recursos Humanos da Corporación para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento. No caso de que non se acredeite o cumprimento dos requisitos, a Dirección de Recursos Humanos proporá a súa exclusión do proceso selectivo ao órgano que convoca, que publicará a resolución que corresponda.

III.1.3.10. Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará ás persoas aspirantes, con anterioridade á realización dos exercicios, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria.

III.2. Concurso

Unicamente poderán acceder á fase de concurso, as persoas aspirantes que superaran coa cualificación de apto/a os exercicios da fase de oposición.

A fase de concurso, cuxa puntuación máxima será de 40 puntos, consistirá na valoración ás persoas aspirantes dos seguintes méritos:

III.2.1. Experiencia profesional

III.2.1.1. Experiencia profesional na CRTVG

Experiencia profesional entendida como os servizos efectivamente prestados directamente para a CRTVG en calquera categoría como persoal laboral fixo, indefinido ou temporal.

Para estes efectos, calcularase o número total de días correspondentes aos distintos períodos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente entero, desprezando os decimais, multiplicarase por 0,10 puntos.

III.2.1.2. Outra experiencia profesional.

Experiencia profesional, entendida como os servizos efectivamente prestados como persoal estatutario fixo ou temporal, funcionario de carreira ou interino, e/ou como persoal laboral fixo, temporal ou recoñecido como indefinido non fixo nas distintas administracións públicas ou entidades do sector público que non sexa obxecto de valoración consonte o punto anterior.

Para estes efectos, calcularase o número total de días correspondentes aos distintos períodos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente entero, desprezando os decimais, multiplicarase por 0,05 puntos.

III.2.1.3. Consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de excedencia forzosa do artigo 46 do Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; nas de excedencia por coidado de familiares e por razón de violencia de xénero do artigo 43.4 e 43.5 do Convenio colectivo da CRTVG e a súa sociedade (DOG núm. 167, do 2 de setembro de 2015) e na excedencia especial regulada no artigo 43.7 do Convenio Colectivo da CRTVG. Tamén se considerarán servizos efectivos os prestados nas situacións análogas previstas no Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de servizos especiais, excedencia por coidado de familiares e excedencia por razón de violencia de xénero.

III.2.1.4. Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse en proporción ao tempo traballado, agás naquelas situacións protexidas nas que as prestacións da Seguridade Social se computen incrementadas ao 100% da contía que correspondera se se mantivera a xornada de traballo sen redución.

III.2.1.5. A puntuación máxima obtida pola suma das distintas epígrafes de experiencia profesional será de 30 puntos.

III.2.2. Outros méritos

III.2.2.1. Valoraranse os cursos de formación organizados ou impartidos pola CRTVG, a Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública, o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), as escolas oficiais de formación similares da Comunidade Autónoma ou do estado, das restantes comunidades autónomas, e calquera outra entidade do sector público, cando conste o aproveitamento mediante certificación e/ou título expedido, no que consten as horas de formación.

Valoraranse nesta epígrafe os cursos de idiomas realizados distintos aos regulados na base III.2.2.4.

Os cursos valoraranse, calquera que fose a súa duración, a razón de 0,04 puntos cada hora de formación.

Non se valorará:

- A asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares.
- As materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica.
- Os módulos ou partes integrantes dun curso.
- Os cursos que formen parte dos procesos de selección.

III.2.2.2. Valorarase estar en posesión dalgunha titulación académica oficial distinta de nivel igual ou superior á esixida para o ingreso.

- Outorgaranse 3 puntos por cada titulación académica igual ou superior á esixida para o ingreso.
- Outorgaranse 3 puntos por cada título de máster.
- Outorgaranse 3 puntos por cada título de doutor.
- Outorgaranse 3 puntos por cada título de posgrao.

III.2.2.3. Lingua galega

Valoraranse os coñecementos de lingua galega de nivel superior ao esixido como requisito para o ingreso, outorgando 0,5 puntos por cada nivel superior acreditado.

III.2.2.4. Idiomas estranxeiros

Outorgaranse a seguinte puntuación por aqueles certificados de coñecemento de linguas estranxeiras, expedidos por entidades acreditadas, que acrediten a competencia lingüística por niveis segundo se indica a continuación:

- Nivel avanzado C1 ou C2: 2 puntos (Os certificados de nivel avanzado C1 ou C2 dun mesmo idioma valoraranse por unha soa vez).
- Nivel avanzado B2 : 1,5 puntos
- Nivel medio B1: 1 punto
- Nivel principiante ou elemental A1 ou A2: 0,5 puntos

Os niveis entenderanse referidos segundo a clasificación do Marco común europeo de referencia para as linguas (MECRL).

Os distintos certificados dun mesmo idioma valoraranse por unha soa vez, tomando en conta o nivel mais alto dos obtidos por cada idioma. Ademais só se valorará un certificado por cada nivel.

A certificación dos títulos válidos farase de conformidade coas titulacións susceptibles de acreditación do Anexo da Orde do 21 de xuño de 2016, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de

2011, pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería.

II.2.2.5. Valorarase o exercicio dos dereitos de conciliación exercidos nos cinco anos anteriores á data de publicación da convocatoria deste concurso do seguinte xeito:

1. Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,20 puntos.
2. Permiso como proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda co fin de adopción, adopción ou acollemento dun fillo: 0,20 puntos.
3. Redución de xornada por exercicio de dereitos de conciliación: 0,04 puntos/mes.
4. Excedencia para coidado de fillos/as e familiares: 0,06 puntos/mes.
5. Ter a cargo menores de doce anos e persoas dependentes, que contan co certificado oportuno, ou con discapacidade acreditada: 0,5 puntos.

Para a valoración do exercicio de dereitos de conciliación, os meses computaranse por días naturais de 30 días e a puntuación máxima desta epígrafe será de 2 puntos.

III.2.3. A suma das distintas epígrafes relativas a outros méritos non poderá exceder de 10 puntos.

III.2.4. Os méritos enumerados deberán referirse á data de publicación do anuncio da convocatoria, e deberán acreditarse de conformidade co procedemento que estableza a CRTVG e que será publicado na páxina web corporativa. Non se terán en conta os méritos que non se presenten conforme o establecido no dito procedemento.

A experiencia profesional noutras administracións e entes terá que acreditarase necesariamente mediante certificación emitida polas persoas titulares das unidades que teñan atribuídas as funcións en materia de xestión de persoal do órgano ou entidade segundo modelo que figure no procedemento, acompañado do correspondente informe de vida laboral.

A acreditación dos cursos realizarase mediante copia auténtica ou orixinal do certificado de asistencia na que constarán: o organismo que a imparti, as horas, o contido e as datas de realización.

A acreditación do nivel de lingua galega, titulacións e idiomas estranxeiros, realizarase a través da presentación do título expedido ou calquera outro medio que se estime suficiente a xuízo da entidade que convoca.

O resto das acreditacións necesarias estableceranse no procedemento establecido ao efecto.

Todos os modelos serán publicados xunto co procedemento ao que se fai referencia no parágrafo primeiro.

III.2.5. As persoas aspirantes deberán proceder de conformidade co sinalado no procedemento a que se refire o punto anterior para presentar a documentación relativa á fase de concurso, que irá dirixida á CRTVG e deberá presentarse nas oficinas de Rexistro da Xunta de Galicia e nos demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

III.2.6. Os tribunais procederán á baremación da fase de concurso, coa colaboración técnica que precise do persoal da CRTVG, e publicarán na páxina web da CRTVG con indicación da puntuación obtida por cada persoa aspirante. Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante os propios tribunais no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da dita baremación.

Durante o prazo de emenda de errores non se poderá presentar nova documentación xustificativa nin alegar novos méritos.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada persoa aspirante, e os tribunais procederán á publicación da baremación definitiva na páxina web corporativa.

IV. Listaxe de persoas aprobadas, presentación de documentación e formalización do contrato laboral fixo.

IV.1. A cualificación do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e de concurso, e a orde de prelación das persoas aspirantes determinarase pola dita suma. Non poderá superar o proceso selectivo un número superior de persoas aspirantes ao de prazas convocadas.

Porén o anterior, para asegurar a cobertura das prazas, se producisen renuncias das persoas seleccionadas, poderase requirir unha relación complementaria das persoas que sigan por puntuación ás propostas. Para estes efectos, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos das persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presenten a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos ou do seu exame se deducise que carecen dalgún deles e que, en consecuencia, non poidan asinar o contrato como persoal laboral fixo.

Os empates nas puntuacións entre dúas ou máis persoas aspirantes dirimiranse segundo os seguintes criterios ata que se resolva:

1.- A muller fronte ao home, nas categorías nas que exista infrarrepresentación feminina.

De acordo co artigo 49.2 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, enténdese, para estes efectos, que existe infrarrepresentación cando na categoría profesional exista una diferencia porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes. Para estes efectos publicarase na páxina web da CRTVG a relación das categorías convocadas nas que exista infrarrepresentación á data da publicación do anuncio da convocatoria.

A existencia da infrarrepresentación deberá referirse ao momento no que se produza o empate nas puntuacións.

- 2.- Maior tempo de servizos prestados na CRTVG.
- 3.- Maior puntuación na fase de oposición.
- 4.- Maior idade das persoas implicadas.
- 5.- Sorteo entre as persoas implicadas.

IV.2. Unha vez rematado o proceso selectivo, os tribunais publicarán na páxina web a relación de persoas aspirantes que o superaron por orde de puntuacións acadadas, con indicación do seu DNI. Na mesma resolución proporá a súa contratación como persoal laboral fixo da CRTVG na categoría que corresponda.

A partir do día seguinte ao da publicación da relación de persoas aprobadas, estas disporán dun prazo de vinte (20) días hábiles para a presentación dos seguintes documentos:

a) Fotocopia cotexada do título esixido ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a súa obtención. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentar credencial da súa validación ou homologación ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión.

As persoas que no momento da publicación da resolución anterior estivesen prestando servizos na CRTVG non terán que presentar a documentación acreditativa do cumprimento do requisito de titulación, para o anterior publicarse unha resolución indicando cales das persoas traballadoras deben de presentar o título e cales xa teñen o requisito acreditado.

b) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separada/o nin despedida/o mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública, entidade do sector público ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación ábsoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso á categoría da que foi separada/o ou inhabilitada/o, nin pertencer á mesma categoría, segundo o modelo que figura como Anexo IV a esta convocatoria.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia, o acceso ao emprego público nos mesmos termos, segundo o modelo que figura como Anexo V a esta convocatoria.

c) Informe sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

IV.3. As persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2. Non poderán ser designados persoal laboral fixo e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

IV.4. Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, as persoas aspirantes serán designados persoal laboral fixo da CRTVG mediante unha resolución da persoa titular da Dirección Xeral e asinarán o correspondente contrato.

IV.5. A formalización do contrato laboral fixo das persoas aspirantes que superen o proceso, e que non se encontren prestando servizos na CRTVG, efectuarase no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución á que fai referencia a base IV.4.


IV.6. Ao tratarse de promoción interna o presente proceso non dará lugar á xeración de novas listas de contratación temporal nas categorías convocadas.

V. Disposición derradeira.

Esta orde pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral da CRTVG no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria, consonte á Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnala directamente ante a xurisdición social consonte o establecido na Lei 36/2011, do 10 e outubro, reguladora da xurisdición social.

Santiago de Compostela, 16 de maio do 2025

Alfonso Sánchez Izquierdo



Alfonso Sánchez Izquierdo
CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA
Dirección Xeral

Director Xeral da CRTVG

ANEXO I

TEMARIOS

PRODUTOR/A

1.- DEREITO AUTONÓMICO EN MATERIA DE IGUALDADE: Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI.

2.- ASPECTOS XURÍDICOS DA PRODUCIÓN: Dereitos da comunicación e da autoría. Lei de propiedade intelectual. Dereitos de autor e dereitos de explotación. Políticas europeas do audiovisual. Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

3.- FUNDAMENTOS DA PRODUCIÓN: Definición. Estrutura económica do sector audiovisual. Fases. Modelos de producción: producción externa e producción propia.

4.- ECONOMÍA E XESTIÓN DA PRODUCIÓN AUDIOVISUAL: Xestión económica e documental. Planificación, elaboración e control de orzamentos e xestión dos recursos. Elaboración da memoria económica do proxecto. Vendas, subvencións, busca de financiación e producción.

5.- PREPRODUCCIÓN: Elaboración do plan de traballo. Permisos de filmación. Contratación e equipamento humano. Necesidades técnicas. Ensaios.

6.- PRODUCCIÓN DURANTE A GRABACIÓN: Os roles no equipo de producción. Gravación en plató e gravación en exteriores. Gravación en directo e gravación en diferido. Xestión do persoal técnico e humano durante a rodaxe. Supervisión da gravación. O peche da producción. Producción nas distintas áreas e formatos (informativos, deportes e entretemento). A producción nos novos formatos dixitais.

7.- TRANSPORTE DO SINAL E CONTROL CENTRAL: Coordinación de sinais e comunicación. A emisión e a continuidade. A distribución das imaxes.

8.- PRINCIPALES INSTITUCIÓNS INTERNACIONAIS E EUROPEAS: A ONU: creación, obxectivos e axencias. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030. A OCDE. A OTAN. Unión europea: creacións e principais fitos históricos Principais institucións europeas: Parlamento Europeo, Consello Europeo e Comisión Europea.

9.- PRINCIPALES INSTITUCIÓNS NACIONAIS E AUTONÓMICAS: A monarquía. As Cortes Xerais. O Congreso e o Senado. O Goberno. . O Tribunal Constitucional. O/A Defensor/a do Pobo. O Parlamento de Galicia. A Xunta de Galicia e a súa Presidencia. O/A Valedor/a do Pobo.

REALIZADOR/A

- 1.- DEREITO AUTONÓMICO EN MATERIA DE IGUALDADE:** Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI.
- 2.- PROCESOS DE IDEACIÓN E NARRATIVA AUDIOVISUAL:** Linguaxe audiovisual. Escritura audiovisual. Industrias creativas e ideación. Guión e adaptación. Dirección de arte. Novos formatos e multimedia.
- 3.- TÉCNICAS E PROCESOS CREATIVOS DE PRODUCIÓN, REALIZACIÓN E POSPRODUCCIÓN:** Produción en TV. Expresión sonora e visual. Realización audiovisual. Edición audiovisual. Dirección de fotografía e iluminación. Tratamento do son e estilos musicais.
- 4.- ORGANIZACIÓN E PRODUCIÓN AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA:** Programación e análise da recepción. Xestión e estrutura da empresa audiovisual. Promoción e difusión da obra audiovisual.
- 5.- TECNOLOXÍAS DOS MEDIOS AUDIOVISUAIS E DOS SEUS EFECTOS SOCIAIS:** Documentación audiovisual. Tecnoloxías da comunicación audiovisual. Comunicación e información xornalística.
- 6.- ESTRUTURA E POLÍTICAS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL:** Dereitos da comunicación e da autoría. Políticas europeas do audiovisual.
- 7.- XÉNEROS E FORMATOS TELEVISIVOS:** Os xéneros informativos en televisión. Xéneros de entretemento: Magazine, concurso, talk show, reality show. Xéneros coloquiais en televisión: debate, tertulia e coloquio. O xénero documental en televisión. Novos formatos televisivos ante o reto dixital.
- 8.- PRINCIPAIS INSTITUCIÓNS INTERNACIONAIS E EUROPEAS:** A ONU: creación, obxectivos e axencias. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030. A OCDE. A OTAN. Unión europea: creacións e principais fitos históricos Principais institucións europeas: Parlamento Europeo, Consello Europeo e Comisión Europea.
- 9.- PRINCIPAIS INSTITUCIÓNS NACIONAIS E AUTONÓMICAS:** A monarquía. As Cortes Xerais. O Congreso e o Senado. O Goberno. . O Tribunal Constitucional. O/A Defensor/a do Pobo. O Parlamento de Galicia. A Xunta de Galicia e a súa Presidencia. O/A Valedor/a do Pobo.

REDACTOR/A

- 1.- DEREITO AUTONÓMICO EN MATERIA DE IGUALDADE:** Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI.
- 2.- INFORMACIÓN XORNALÍSTICA E COMUNICACIÓN DIXITAL:** Linguaxe Audiovisual. Redacción Informativa. Información Radiofónica. Información Televisiva. Xéneros interpretativos e de opinión. Xéneros Radiofónicos. Multimedia: teoría, técnica e aplicacóns. Visualización da información. Narrativas dixitais.

3.- ORGANIZACIÓN E PRODUCIÓN INFORMATIVAS: Produción da información. Documentación Informativa. Comunicación Organizacional. Xestión da Empresa Informativa. Novos formatos e Produtos para a Rede. Tratamento dos datos na actividade xornalística.

4.- XORNALISMO ESPECIALIZADO: Xornalismo Especializado. Áreas de Especialización Xornalística.

5.- LIBERDADE DE EXPRESIÓN, RESPONSABILIDADE XORNALÍSTICA: E OPINIÓN PÚBLICA. Dereito da Información. Órganos e sistemas de regulación. Deontoloxía xornalística.

6.- FUNDAMENTOS E ANÁLISES DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN: Métodos de investigación. Teoría da comunicación visual. Programación e Audiencias. Transformación dixital do xornalismo.

7.- XÉNEROS E FORMATOS TELEVISIVOS: Os xéneros informativos en televisión. Xéneros de entretemento: Magazine, concurso, talk show, reality show. Xéneros coloquiais en televisión: debate, tertulia e coloquio. O xénero documental en televisión. Novos formatos televisivos ante o reto dixital.

8.- PRINCIPAIS INSTITUCIÓNS INTERNACIONAIS E EUROPEAS: A ONU: creación, obxectivos e axencias. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030. A OCDE. A OTAN. Unión europea: creacións e principais fitos históricos Principais institucións europeas: Parlamento Europeo, Consello Europeo e Comisión Europea.

9.- PRINCIPAIS INSTITUCIÓNS NACIONAIS E AUTONÓMICAS: A monarquía. As Cortes Xerais. O Congreso e o Senado. O Goberno. . O Tribunal Constitucional. O/A Defensor/a do Pobo. O Parlamento de Galicia. A Xunta de Galicia e a súa Presidencia. O/A Valedor/a do Pobo.

TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN

1.- DEREITO AUTONÓMICO:

- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI.
- Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.

2.- DEREITO LABORAL:

- Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores. A relación individual de traballo e os dereitos de representación colectiva e de reunión (Títulos I e II).
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais (Capítulos I, III e V).

3.- CONVENIO COLECTIVO DA CRTVG

4.- DEREITO ADMINISTRATIVO: Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas. Interesados no procedemento, a actividade das Administracións Públicas, os actos administrativos e o procedemento administrativo común (Título preliminar, Títulos I, II, III, IV e V).

5.- CONTRATACIÓN PÚBLICA: Lei 9/2017, de contratos do sector público. Disposicións xerais e configuración xeral da contratación do sector público e elementos estruturais dos contratos (Título Preliminar e Libro I).

6.- CONTABILIDADE: Normalización contable española. Plan xeral de contabilidade español. Modelos normais de contas anuais. Resolucións do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas. Contabilidade das operacións societarias.

7.- OFIMÁTICA: Procesadores de textos e follas de cálculo. Microsoft Word e Excel e LibreOffice writer e calc.

TÉCNICO/A DE SISTEMAS

1.- DEREITO AUTONÓMICO EN MATERIA DE IGUALDADE: Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI.

2.- OS SISTEMAS INFORMÁTICOS: Estrutura dun sistema informático. Dixitalización da información. Concepto de sistema operativo. Funcións dun sistema operativo. Tipos de sistemas operativos. Licenzas e tipos de licenzas. Sistemas operativos persoais: Windows 10, Windows 11 . Ubuntu.

3.- A INSTALACIÓN DO SOFTWARE: Instalación de sistemas operativos: requisitos, versións e licenzas. Instalacións desatendidas. Implementación de ficheiros de respuestas. Interpretación, análise e elaboración de manuais de instalación de sistemas operativos. Actualización de sistemas operativos. Ficheiros de inicio de sistemas operativos. Rexistro do sistema. Actualización e mantemento de controladores de dispositivos.

4.- ADMINISTRACIÓN DO SOFTWARE DE BASE: Administración de usuarios e grupos locais. Usuarios e grupos determinado. Seguridade de contas de usuario e contrasinais. Administración de perfís. Configuración do protocolo TCP/IP en sistemas operativos cliente. Ficheiros de configuración de rede. Definicións de permisos de uso dos ficheiros. Acceso a ficheiros de rede sen conexión. Sistemas de ficheiros: características e tipos. Xestión de sistemas de ficheiros e ligazóns. Copias de seguridade.

5.- FUNDAMENTOS DE HARDWARE: Esquema e estrutura dun computador. Elementos funcionais e subsistemas. Medidas de uso común en sistemas informáticos. Composición dun sistema informático. Compoñentes de integración para a ensamblaxe de sistemas informáticos. Soporte técnico.

6.- SISTEMAS MULTIMEDIA: Arquitectura. codificación de ficheiros de a/v. Sistemas de producción dixital A/V. Arquitectura básica xenérica.

7.- SEGURIDADE: A seguridade nas TIC: normativas ISO 27000. Biblioteca de Infraestrutura de Tecnoloxías da Información (ITIL versións 3 e 4). A seguridade en redes. Tipos de ataques e ferramentas para a súa prevención. A seguridade no nivel de aplicación. Seguridade perimetral. Redes Privadas Virtuais (VPN). Cortalumes. Tipos de ataques e protección de servizos web. O Esquema Nacional de Seguridade.

TÉCNICO/A ELECTRÓNICO

TEMA 1.- DEREITO AUTONÓMICO EN MATERIA DE IGUALDADE: Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI.

TEMA 2.- ELEMENTOS DE SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓN: Compoñentes e técnicas de electrónica básica. Sistemas e dispositivos de telecomunicacións.

TEMA 3.- SISTEMAS INFORMÁTICOS E REDES LOCAIS: Montaxe de circuitos dixitais básicos. Selección de equipos informáticos de telecomunicacións, configuración de equipos

TEMA 4.- MANTENIMENTO EQUIPOS DE VIDEO E AUDIO: Verificación do funcionamento de equipos de vídeo. Verificación do funcionamento de elementos de captación de son, equipos de preamplificación e mesturas. Comprobación do funcionamento de equipos de procesado, distribución e amplificación.

TEMA 5.- SISTEMAS DE RADIOCOMUNICACIÓN: Caracterización de sistemas de transmisión para radio e televisión. Configuración de instalacións fixas e unidades móviles. Instalacións de sistemas de transmisión de sinais de radio e televisión. Verificación do funcionamento de sistemas de emisión e transmisión. Mantemento de sistemas de transmisión.

TEMA 6.- REDES TELEMÁTICAS: Configuración de enrutadores. Implementación de redes de acceso local virtual. Aplicación de técnicas de seguridade na rede.

TEMA 7.- SISTEMAS DE PRODUCIÓN AUDIOVISUAL: Caracterización de equipos técnicos de son. Caracterización de equipos técnicos de vídeo.

TÉCNICO/A DE CONTROL

TEMA 1.- DEREITO AUTONÓMICO EN MATERIA DE IGUALDADE: Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI.

TEMA 2.- INSTALACIÓN DE SON E SON PARA AUDIOVISUAIS: Caracterización dos medios técnicos en instalacións de son. Montaxe, conexión e posta en funcionamento da instalación de son. Son en producións videográficas. Son en programas de radio e televisión

TEMA 3.- CONTROL DE SON EN DIRECTO: Axuste de mesas de mesturas FOH e procesadores de sinal. Control e operación dos envíos a monitores. Configuración da microfonía en eventos en directo. Realización da mestura e procesado do audio en directo. Avaliación dos resultados da operación con equipamentos de son en directo.

TEMA 4.- GRAVACIÓN EN ESTUDIO: Monitorización técnica e auditiva do sinal de audio. Técnicas de captación sonora no estudio de grabación. Gravación multipista de son en estudio. Mestura, procesado e edición do sinal de audio en estudio.

TEMA 5.- AXUSTES DE SISTEMAS DE SONORIZACIÓN: Adaptación a espazos coutados de deseños de son. Axuste dos subsistemas de son. Medida da resposta do sistema de son en espazos coutados. Axuste da resposta do sistema de son aos condicionantes do espazo coutado. Posta en marcha do funcionamento dunha instalación fixa de sonorización.

TEMA 6.- ELECTROACÚSTICA: Configuración dos sistemas de distribución e dos elementos de protección das instalacións eléctricas dos sistemas de son. Control da calidade do audio mediante o uso de instrumentos de medición e audición. Avaliación do comportamento dos equipamentos de difusión e captación sonora. Construción de cables para a interconexión de equipamentos de audio analóxico e dixital. Montaxe de redes dixitais para sistemas de audio.

TEMA 7.- COMUNICACIÓN E EXPRESIÓN SONORA: Técnicas de audición activa e locución profesional. Localización e arquivo de documentos sonoros. Elaboración de guións técnicos de son. Características da audición humana. Características da fonación humana.

REPORTERO/A GRÁFICO

TEMA 1.- DEREITO AUTONÓMICO EN MATERIA DE IGUALDADE: Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI.

TEMA 2.- ÓPTICA: O enfoque. Principais aberracións das lentes. Características, tipos e manexo dos obxectivos, distancias e luminosidade. Profundidade de campo e de foco. Axuste. Accesorios ópticos.

TEMA 3.- TECNOLOGÍA E ENVÍO DE IMAXES E SON: Sinal de TV. Nivel de negro. Ganancia e ruído. Código de tempo. HDMI. Conexións a través de wifi, rede de datos de telefonía móvil e ethernet. Principios básicos de funcionamiento das "mochilas". Transmisor e receptor. Modem USB. Agregación de ancho de banda (bonding). Retardo. Taxa de datos variable. Dirección IP. APN. Transferencia de archivos por FTP. Configuración básica. Datos de acceso, calidade e latencia.

TEMA 4.- OPERACIÓN: Exposición. Controis, axudas e axustes. Balances. Modos de gravación especiais. Formateado. Sincronización. Equipamento de soporte. Movemento. Alimentación. Arquivos de configuración.

TEMA 5.- SON: Consideracións básicas do son. Tipos de micrófonos e a súa utilización. Sinais e niveis. Gravación e reproducción. Modulación. Unidades. Ruído. Cables, conectores e accesorios para a captación do son.

TEMA 6.- ILUMINACIÓN E COR: Elementos principais da iluminación. Triángulo de luces. Tipos e control de sombras. Proxeetores e lámpadas. Accesorios de iluminación. Filtros. Iluminación de reporteiros gráficos.

TEMA 7.- REALIZACIÓN E XÉNEROS INFORMATIVOS: Encadre e composición. Relación de aspecto. Planos, proporcións e ángulos. Perspectiva. Movementos de cámara e óptica. Plano, escena e secuencia. Ritmo e duración do plano. Xéneros informativos en televisión. A noticia. A entrevista. A reportaxe. O directo. O in situ gravado. Colas. Rolda de prensa. O canutazo, a enquisa. Material para documentación e arquivo. Imaxes de recurso. O esencial e o accesorio na gravación dunha noticia.

OPERADOR/A DE POSPRODUCCIÓN

TEMA 1.- DEREITO AUTONÓMICO EN MATERIA DE IGUALDADE: Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI.

TEMA 2.- O PROCESO DE POSPRODUCCIÓN: Técnicas de preparación da documentación técnica para a montaxe e posproducción. Planificación previa: adaptación, selección e realización do guión para a montaxe. Xestión do control e conservación do material audiovisual. Peche.

TEMA 3.- REALIZACIÓN DA MONTAXE DE PRODUTOS AUDIOVISUAIS: Operación de sistemas de montaxe audiovisual. Edición: tipos, características e funcionamento. Compilación de medios. Homoxeneización de formatos e relación de aspecto. Montaxe na liña de tempo. Construcción da banda sonora.

TEMA 4.- XERACIÓN E INTRODUCCIÓN DE EFECTOS DE IMAXE: Dispositivos para a xeración de efectos de vídeo. Sistemas e plataformas de posproducción da imaxe. Técnicas e procedementos de composición multicapa: organización, xestión de capas, creación de máscaras, animación, interpolación, traxectorias. Procedementos de aplicación de efectos, retoques. Técnicas de creación de gráficos e rotulación.

TEMA 5.- ORDENACIÓN DOS MATERIAIS DE IMAXE, DE SON E INFOGRÁFICOS: Procedementos de organización dos materiais do proxecto de edición mediante aplicación informáticas. Procedementos de xestión de ficheiros de medios. Procedementos de clasificación de materiais para a elaboración de efectos. Procedementos de clasificación e organización de materiais sobrantes e descartes.

TEMA 6.- PROCESOS DE ACABAMENTO NA POSPRODUCCIÓN DO PRODUTO AUDIOVISUAL: Procesos finais de montaxe e sonorización. Técnicas, procedementos e fluxos de traballo no acabamento do produto. Control da calidade do produto: distribución de pistas sonoras nos soportes videográficos e cinematográficos. Banda internacional. Normas PPD.

TEMA 7.- EQUIPAMENTO DE POSPRODUCCIÓN EN PROXECTOS

AUDIOVISUAIS: Equipamento e configuración de salas de posproducción non lineal. Calidades técnicas e operativas de aplicacións de edición non lineal. Configuracións de proxecto de edición non lineal. Configuracións de saída do proxecto de edición non lineal. Factores determinantes na idoneidade da edición lineal ou da edición non lineal en proxectos de posproducción audiovisual

TÉCNICO/A DE ILUMINACIÓN

TEMA 1.- DEREITO AUTONÓMICO EN MATERIA DE IGUALDADE: Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI.

TEMA 2.- CONCEPTOS DE FOTOMETRÍA: Unidades e cálculo. Fotómetros e Luxómetros. Espectrómetros e termocolorímetros. Lupas de contraste. Características principais da calidad da iluminación (dureza, dirección, intensidade e cor da luz). Sombras: Densidade, ton, forma, tamaño e lonxitude.

TEMA 3.- LUMINOTECNIA: Organización da instalación, montaxe e desmontaxe de iluminacións. Realización da instalación eléctrica. Montaxe e desmontaxe de equipamentos para espectáculos en vivo. Montaxe e desmontaxe de equipamentos de iluminación de audiovisuais. Mantemento dos equipamentos de iluminación.

TEMA 4.- ILUMINACIÓN NOS PROGRAMAS: Esquema básico para a iluminación de informativos, debates, magazines, concursos, espectáculos, promocións.

TEMA 5.- EQUIPAMENTO EN ILUMINACIÓN: Lámpadas, tipos e características. Proyectores. Soportes e similares. Modificadores e controladores da luz (ceferinos, bandeiras....). Xelatinas de efecto de cor, de temperatura e de compensación de tons. Elementos de conexión, alimentación, regulación e control do sinal. Mesas de control.

TEMA 6.- ESPACIOS LUMÍNICOS, ESCENOGRAFÍA: Coñecementos básicos da escenografía na TV (superficies, obxectos, textura, cor e luminosidade). Planos e maquetas. Alumeados de exteriores e interiores distintos de plató.

TEMA 7.- DESEÑO DA ILUMINACIÓN: Coordinación cos demais axentes implicados na producción e emisión. Deseño da iluminación en todo o proceso. Elección de equipamento, calibre da iluminación, debuxo de diagramas e planos. Ensaios, axustes e retoques.

TÉCNICO/A DE SON

TEMA 1.- DEREITO AUTONÓMICO EN MATERIA DE IGUALDADE: Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI.

TEMA 2.- INSTALACIÓNS DE SON: Caracterización dos medios técnicos en instalacións de son. Montaxe, conexión e posta en funcionamento da instalación de son.

TEMA 3.- SON PARA AUDIOVISUAIS: Son en programas de televisión

TEMA 4.- CONTROL DE SON EN DIRECTO: Axuste de mesas de mesturas FOH e procesadores de sinal. Control e operación dos envíos a monitores. Configuración da microfonía en eventos en directo. Realización da mestura e procesado do audio en directo. Avaliación dos resultados da operación con equipamentos de son en directo.

TEMA 5.- GRAVACIÓN EN ESTUDIO: Monitorización técnica e auditiva do sinal de audio. Técnicas de captación sonora no estudio de grabación. Gravación multipista de son en estudio. Mestura, procesado e edición do sinal de audio en estudio.

TEMA 6.- ELECTROACÚSTICA: Control da calidade do audio mediante o uso de instrumentos de medición e audición. Avaliación do comportamento dos equipamentos de difusión e captación sonora.

TEMA 7.- COMUNICACIÓN E EXPRESIÓN SONORA: Técnicas de audición activa e locución profesional. Localización e arquivo de documentos sonoros. Elaboración de guións técnicos de son. Características da audición humana. Características da fonación humana.

OFICIAL ADMINISTRATIVO/A

1.- DEREITO AUTONÓMICO:

- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI.
- Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.

2.- DEREITO LABORAL:

- Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores. A relación individual de traballo e os dereitos de representación colectiva e de reunión (Títulos I e II).
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais (Capítulos I, III e V).
- Convenio Colectivo da CRTVG.

3.- DEREITO ADMINISTRATIVO:

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas. Interesados no procedemento, a actividade das Administracións Públicas, os actos

administrativos e o procedemento administrativo común (Título preliminar, Títulos I e II).

4.- CONTRATACIÓN PÚBLICA: Lei 9/2017, de contratos do sector público. Disposicións xerais e configuración xeral da contratación do sector público e elementos estruturais dos contratos (Título Preliminar).

5.- CONTABILIDADE: Plan xeral de contabilidade español.

6.- OFIMÁTICA: Procesadores de textos e follas de cálculo. Microsoft Word e Excel e LibreOffice writer e calc.

ANEXO II

PROMOCIÓN INTERNA				
Nivel	Categoría	OPE 2023	OPE 2024	TOTAL
1	Realizador/a	2	2	4
	Produtor/a	2	1	3
	Redactor/a	2	2	4
3	Técnico/a Sistemas		1	1
	Técnico/a Administración	1		1
4	Reporteiro/a gráfico		1	1
	Técnico/a de control		1	1
	Técnico/a electrónico	1		1
5	Técnico/a de son		1	1
	Operador/a Postproducción	2		2
	Técnico/a Iluminación	1		1
6	Oficial Administrativo/a	1		1
TOTAL		12	9	21

ANEXO III

PROMOCIÓN INTERNA			
Nivel	Categoría	Nivel Celga	Titulación
1	Realizador/a	Celga 4	Grao en comunicación audiovisual ou equivalente
	Produtor/a		Grao en comunicación audiovisual ou equivalente
	Redactor/a		Grao en xornalismo ou equivalente
3	Técnico/a Sistemas	Celga 3	Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos en Rede ou equivalentes
	Técnico/a Administración		Título de Técnico Superior de Formación Profesional, Bacharelato ou equivalentes.
4	Reporteiro/a gráfico		Técnico superior en iluminación, captación e tratamiento imaxe ou equivalente
	Técnico/a de control		Técnico superior de son para audiovisuais e espectáculos ou equivalente
	Técnico/a electrónico		Técnico Superior en Sistemas de Telecomunicación e Informáticos /Técnico Superior en Mantemento de Produtos Electrónicos ou equivalentes
5	Técnico/a de son		Técnico superior de son para audiovisuais e espectáculos ou equivalente.
	Operador/a Postproducción		Técnico superior en Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos ou equivalente.
	Técnico/a Iluminación		Técnico superior en iluminación, captación e tratamiento imaxe ou equivalente
6	Oficial Administrativo/a		Título de Grado Medio de Formación Profesional, Bacharelato ou equivalentes.

ANEXO IV

Dª/D., con domicilio en ..., con DNI/pasaporte..., declara para efectos de ser nomeada/o persoal laboral fixo da CRTVG, que non foi despedida/o nin separada/o mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública, entidade do sector público ou órgano constitucional ou estatutario das comunidades autónomas, nin se atopa en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso á dita categoría.

..., ... de ... de 202...

ANEXO V

Dª/D. ..., con domicilio en ..., e con DNI/pasaporte ... declara, para efectos de ser nomeada/o persoal laboral fixo da CRTVG, que non se atopa inhabilitada/o ou en situación equivalente nin foi sometida/o a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no Estado de ..., nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

(país e localidade) ..., ... de ... 202...

ANEXO VI

IMPORTE TAXAS-EQUIVALENCIAS

Nivel	Categoría	Equivalencia Taxa
1	Realizador/a	Grupo I do Convenio ou subgrupo A1
	Produtor/a	
	Redactor/a	
3	Técnico/a Sistemas	Grupo III do Convenio ou subgrupo C1
	Técnico/a Administración	
4	Reporteiro/a gráfico	
	Técnico/a de control	
	Técnico/a electrónico	
5	Técnico/a de son	Grupo IV do Convenio ou subgrupo C2
	Operador/a Postproducción	
	Técnico/a Iluminación	
6	Oficial Administrativo/a	